



Global express

A actualidade na aula

Irak: en portada



REFUGIADOS GUERRA DO GOLFO DE 1991



DAÑOS COLATERALES



1. Describe cada unha destas imaxes.
2. Establece unha relación entre elas.
3. ¿Que sensación che producen?
4. ¿Que están facendo?
5. ¿Por que cres que o fan?
6. ¿A quen se dirixen coa súa acción?



DAVID CALLOWIAP


2. A herdanza histórica

7. Compara ámbolos mapas e investiga qué novos países aparecen.



8. ¿Por que nos países creados artificialmente, como tamén en moitos de África, adoita haber guerras e conflitos armados?

9. ¿Que conflitos internos cres que debe haber en Iraq?



OS PACTOS E OS TRATADOS

1916. Pacto de Sykes-Picot

Francia e Gran Bretaña repártense os territorios otomanos en Oriente Medio (lembremos que a guerra rematou en 1918).

1920. Conferencia de San Remo

Gran Bretaña consegue o mando da parte leste do actual Iraq (Basora-Baghdad-Kirkut-Mosul), con dereito a extrae-lo seu petróleo.

1925. Arbitraje da Sociedade de Nacións

A que foi precursora da ONU establece un territorio artificial (o actual Iraq), co que Iraq se converte en estado soberano baixo a tutela de Gran Bretaña. Incrúmprense, polo tanto, as promesas feitas ós curdos de obter un territorio propio.

1926. Tratado de Mosul


Gran Bretaña (52,5%), Francia (21,5%) e EE.UU. (21,5%) repártense as accións da Irak Petroleum Company.

3.0 petróleo: a herdanza xeolóxica



O petróleo converteuse na fonte enerxética básica para o funcionamento da maioría dos países.

As maiores reservas mundiais (65%) concéntranse na zona do golfo Pérsico. Destas reservas, Iraq ten o 11%, e a súa extracción é fácil e barata. Son as segundas en importancia, despois das de Arabia Saudita.



LE MONDE DIPLOMATIQUE 3-00

10. Aínda que o poida parecer, este mapa non é o xogo do Risk. A pesar de que Estados Unidos ten presenza militar en 140 países do mundo, ¿por que cres que concentra boa parte das súas forzas nesta zona?



11. Imaxina que, por algunha razón extraordinaria, de repente se deixase de extraer petróleo.

- ¿Que pasaría en EE.UU.?
- ¿Que pasaría na UE? ¿E en Xapón?
- ¿Que nos pasaría a nós? ¿A que teríamos que renunciar? ¿En que cambiaría a nosa vida?
- ¿E a ti? ¿A que terías que renunciar? ¿En que cambiaría a túa vida?

- A economía e maila sociedade norteamericanas necesitan uns 20 millóns de barrís diarios para funcionar ó nivel actual, e a súa produción non chega a cubrir un tercio deste consumo.
- Europa case non ten petróleo propio. Xapón, tampouco.
- España, no ano 2000, consumiu unhas 65.000 toneladas de petróleo, o 90%, de importación.
- A UE ten unhas reservas acumuladas de petróleo de 1.400 millóns de barrís, e EE.UU., só de 550 millóns.



As previsións máis optimistas din que os problemas para obter petróleo empezarán dentro de 40 anos.

Outras previsións din que xa se localizou o 90% das reservas e que axiña haberá problemas, xa que as reservas que se obtiveron ata agora eran as de extracción máis fácil e barata.



12. Pensede, entre toda a clase, cál ou cáles son as solucións para o problema enerxético.

4. As contradicións nos xornais: unha actividade investigadora

1

O Pentágono crea unha axencia para “intoxicar” a prensa mundial. Enric González, Washington

O Pentágono decidiu entrar no negocio da prensa. A Oficina de Influencia Estratéxica (OIE), discretamente creada tralo 11 de setembro, ten entre os seus obxectivos o de “colocar” noticias favorables ós intereses de Estados Unidos en medios informativos internacionais. Esas noticias poderán ser verdadeiras ou falsas, e afectar a países amigos ou inimigos. Só importa que axuden a crear un ambiente propicio para as operacións bélicas estadounidenses... A existencia da OIE era descoñecida ata onte. Pero xa dispón dun xefe, o xeneral de aviación Simon Worden...

EL PAÍS 20-2-02

2

Powell di que Sadam poderá seguir no poder se acepta o desarmamento. Isabel Piquer, Nova York

O secretario de Estado norteamericano, Colin Powell, asegurou onte que o principal obxectivo de EE.UU. é desarmar Iraq, non cambia-lo réxime de Sadam Hussein...

EL PAÍS 21-10-02

3

Bush xa pide plenos poderes de guerra

EE.UU. reitera que atacará Iraq pola súa conta, mesmo sen apoio da ONU. Eusebio Val, Washington.

O presidente de Estados Unidos, George W. Bush, pediulle onte ó Congreso mans libres para atacar Iraq, á vez que advertía ás Nacións Unidas que, se non actúan contra Sadam Hussein nos termos que desexa Washington, Estados Unidos farao pola súa conta coa axuda dos aliados máis incondicionais. Bush xa pide plenos poderes de guerra...

LA VANGUARDIA 20-9-02

4

As compañías estadounidenses desprazarán a competencia se Bush impón un réxime afin en Baghdad. **O moi apetecible petróleo iraquí.** Eusebio Val, Washington.

Entre as petroleiras coa vista posta en Iraq figura o consorcio hispano-italiano de Repsol e Agip...

LA VANGUARDIA 16-9-02

5

Atacar Iraq para evitar outro 11-S

O xefe do Pentágono exponlle ó Congreso a doutrina do “golpe preventivo” Washington cre que a lección do 11-S, na era do terrorismo con acceso a armas de destrución masiva, é que se debe actuar preventivamente contra ameazas potenciais. O historial agresivo de Sadam Hussein e o seu arsenal convérteno nun obxectivo lexítimo de ataque...

LA VANGUARDIA 19-9-02

6

As invencións de Bush

No seu afán por xustifica-la guerra contra Iraq, o presidente inventou informes e datos The Washington Post, un dos xornais máis influentes de EE.UU., publicou onte en portada unha relación das “inexactitudes” cometidas ultimamente por Bush... A súa referencia á presuntamente inmediata capacidade nuclear de Sadam...

EL PAÍS 23-10-02

7

Bush estudia colocar un xeneral de EE.UU. á fronte de Iraq trala caída de Sadam

O modelo de executivo temporal está baseado no sistema utilizado en Xapón en 1945...

EL PAÍS 12-10-02

8

Bush financia o adestramento militar da oposición iraquí

Uns 5.000 disidentes iraquís van recibir adestramento de combate impartido e pagado polo Pentágono. O presidente George W. Bush asinou a primeiros de mes unha directiva que destina 92 millóns de dólares a transformalos en loitadores contra Sadam Hussein...

EL PAÍS 21-10-2

9

Washington non descarta que un golpe interno derroque a Saddam

A rebelión podería case coincidir coa intervención de EE.UU. Cun golpe interior, o novo goberno non sería percibido de maneira tan descarada coma unha “marioneta” de EE.UU...

LA VANGUARDIA 7-10-02

10

Londres vincula a Saddam con Ben Laden

Un dossier da intelixencia británica afirma que dous líderes de Al Qaeda recibiron adestramento en Iraq. O esperado dossier do Goberno británico vai constituir un apoio ós plans de Bush para atacar Iraq, ó establecer por primeira vez unha conexión entre Saddam e Al Qaeda, e presentar mostras de crecente actividade en varias instalacións supostamente dedicadas ó desenvolvemento de armas químicas e biolóxicas...

LA VANGUARDIA 16-9-02

13. Entre toda a clase, clasifícade estas noticias en dous bloques: un formado polas declaracións que vos parezan verdadeiras, e o outro, polas que vos parezan falsas. Xustifícade a clasificación que fixestes.

5. Non a este prezo



En 1972 Iraq nacionalizou o seu petróleo.

En 1990 o goberno dictatorial de Iraq invadiu Kuwait e, como consecuencia, foi sometido a un embargo (ningún país lle podía mercar nin vender nada a Iraq) decretado polo Consello de Seguridade das Nacións Unidas, embargo que había de durar ata que Iraq se retirase do territorio ocupado.

En 1991 Iraq retirouse de Kuwait e aceptou a rendición (Guerra do Golfo). Non obstante, o embargo continúa, aínda hoxe, así como a vulneración dos dereitos humanos da poboación civil.



Productos de difícil importación ou prohibidos

Coa escusa dun posible dobre uso, é dicir, susceptibles de ser utilizados militarmente, para facer propaganda do réxime ou para fabricar bombas, dificultase ou prohíbese a importación de produtos imprescindibles para a vida cotiá, como: lapis, papel, equipos sanitarios, plantas potabilizadoras, recambios e medicamentos (como, por exemplo, as pastillas de nitroglicerina para enfermidades cardíacas, determinados fíos de sutura ou osíxeno), equipos informáticos e de comunicación (transistores, gravadoras), insecticidas, cloro, material escolar, coches, recambios para a explotación de petróleo...

Impacto do embargo

- Uns 900.000 nenos menores de 5 anos morreron a consecuencia das sancións impostas. Outros sectores da poboación moi afectados son as persoas maiores, os enfermos crónicos e as mulleres embarazadas. Un 8% da poboación de Iraq morreu por mor do embargo (máis de 1.500.000 persoas). A esperanza de vida descendeu ata os 57 anos.
- A renda per capita era, en 1989, de 2.800 dólares. En 1999 o programa «Petróleo por alimentos» só destinou 252 dólares por habitante. O 70% da poboación vive por debaixo do limiar da pobreza. No ano 1989, 3 dólares equivalían a 1 dinar iraquí. No ano 2002, 1 dólar equivale a 1.900 dinares iraquís.
- Antes da guerra, o índice de calorías por habitante era de 3.500 ó día. Hoxe non chega a 1.200 ó día, (a metade das necesarias, segundo a OMS). Antes do embargo, Iraq importaba o 70% dos alimentos que consumía. O 68% dos nenos iraquís sofre malnutrición en diversos graos.
- Antes da guerra, o 92% da poboación tiña acceso á auga potable. Hoxe, só chega ó 44%, e isto provoca a multiplicación de enfermidades infecciosas, como o cólera. A importación de cloro está prohibida.
- En 1989, o 93% da poboación tiña acceso gratuito á sanidade pública. A vacinación infantil chegaba ó 90%. Iraq producía e exportaba medicamentos. Actualmente só o 39% dos pacientes recibe o tratamento que necesita. Das 30.000 camas dispoñibles, só se poden utilizar cerca da metade por falta de equipos e de medicamentos.
- As bombas con uranio empobrecido que caeron sobre a poboación iraquí provocaron un incremento espectacular dos casos de leucemia e de malformacións conxénitas. En Basora, un 3% dos neonatos sofre malformacións.
- Desde 1979, a educación era pública e gratuíta. Hoxe, un 25% dos nenos e nenas non vai á escola. A metade dos que van á escola non teñen cadeira nin pupitre e teñen que facer quendas.

14. ¿Que dereitos humanos básicos da poboación iraquí se están vulnerando desde xa hai máis de dez anos? Xustifica a resposta.

15. Os que imponen as sancións xa saben que ós que teñen o poder político, económico e militar non lles faltará de nada, e quen sofre estas sancións é a poboación. Así, pois, ¿que cres que esperan conseguir?

16. Explica brevemente cada cómic. Di qué quiso expresar cada dibujante. Non se trata de describi-lo debuxo, senón de explica-lo seu significado.

